XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XEFATURA TERRITORIAL

SERVIZO DE MONTES
Ronda da Muralla, núm. 70, baixo 2º
27071 – LUGO
Telef.: 982.29.45.31
Fax:982.29.48.74

galicia

MR 110280

**Asunto**: Modificación do plano do convenio 2717581 "Centul, Cernada e Freita" (concello de Becerreá).

Con motivo da necesidade de modificar o plano do convenio 2717581 "Centul, Cernada e Freita", situado no concello de Becerreá, este servizo informa:

1 O 22 de novembro de 2000 D. José Mª Bolaño Rico e outros e a Consellería de Medio Ambiente subscribiron un convenio que afecta a 127.

2 O 5 de decembro de 2006 os propietarios constituíron a "C.B. Montes Montaña de Agra".

2 Técnicos deste servizo, tras analizar in situ a superficie que se está a xestionar, propuxeron a actualización dos planos do convenio para axustalos a superficie que se está a xestionar.

3 Ao realizar o plano cunha precisión moi superior ao esbozo que figura coas bases do convenio obtívose unha superficie de 120,7 ha.

Por todo elo, este servizo acorda:

a. Incorporar como novo plano do monte "Centul, Cernada e Freita" o que se xunta.
b. Que as anotacións do convenio sexan:
   - Nome: CENTUL, CERNADA E FREITA.
   - Elenco: 2717581.
   - Superficie: 120,7 ha.
   - Pertenza: C.B. Montes Montaña de Agra
   - Concello: Becerreá.

Lugo, 23 de maio de 2012

O xefe do servizo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
LUGO

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
REXISTRO XERAL - LUGO
24 MAI. 2012
SAÍDA
Nº 67596

Miguel A. Cela González

**Subdirección Xeral de Recursos Forestais**

**Servizo de Xestión Forestal**

**San Lázaro s/n - Santiago de Compostela**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

El jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo informa lo siguiente:

1º.- Que el 30 de Junio de 1980 fue suscrito el Convenio del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 2716512, por el ICONA y la S.A.T. nº 17.192.

2º.- Que también el 30 de Junio de 1980 fue suscrito el Convenio del monte "VILAR", 2716515, por el ICONA y la S.A.T. nº 16.774.

3º.- Que como en ambos montes se habían incluido parcelas, exclusivamente, de los vecinos de Montañadagra, municipio de Becerreá, el 15 del pasado mes de Junio, D. JOSÉ Mª BOLAÑO RICO y D. ALEJO GONZÁLEZ LÓPEZ, actuando en nombre propio y en el de los demás vecinos propietarios, en virtud de los Poderes Notariales otorgados en Becerreá el 30 de enero, 2 de febrero de 1995 y 3 de septiembre de 1997 y en Badalona el 20 de febrero de 1995, acordaron:

a) Proponer a la Consellería de Medio Ambiente la firma de un convenio, para el monte de su pertenencia denominado **CENTUL, CERNADA E FREITA 271-7581**, de 127 ha, que se integraría con las 36 ha de su propiedad incluídas en el monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 y con las 91 ha, también de su propiedad, que en la actualidad forman parte del monte "VILAR", 271-6515 y

b) Solicitar a la Consellería que el nuevo Convenio anulase y sustituyese, en la parte que les afecta, a los Convenios de los montes "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 y "VILAR", 271-6515.

4º.- Que el 21 de Junio del año en curso se remitió un Edicto al Ayuntamiento de Becerreá dando cuenta de la iniciación del expediente del Convenio del monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", para que las personas que pudieran resultar afectadas hiciesen las alegaciones que estimasen oportunas, en defensa de sus intereses, en el plazo de 1 mes.

5º.- Que el 13 de Septiembre pasado el Ayuntamiento de Becerreá certificó la exposición del Edicto al público, por el plazo de 1 mes, sin que, contra el mismo, se hubiese recibido reclamación alguna.

6º.- Que el nuevo monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", en consecuencia, queda integrado por :

36 ha del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 y
91 ha del monte "VILAR", 271-6515.

7º.- Que el Convenio tiene por objeto la incorporación del vuelo y obras auxiliares creadas al amparo de los Convenios anteriores, la conservación y tratamiento selvícola de las masas creadas, su aprovechamiento y la ejecución de las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con tales fines.

8º.- Que las superficies del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512, eran:

supeficie total ........................................ 462 ha
superficie repoblada................................ 450 ha
superficie inforestal ................................ 12 ha

como a los montes que se indican, pasaron las siguientes superficies:

| Monte | Superfie total | Superficie repoblada | Superficie inforestal |
|---|---|---|---|
| "CABEZÓN, PENAS PARDAS Y OTROS", 271-7550 | 103 ha | 100 ha | 3 ha |
| "PENA GRANDE E CHAIRA", 271-7568 | 25 " | 24 " | 1 " |
| TOTAL | 128 " | 124 " | 4 " |

las actuales son:

Superficie total ....................................... 334 ha
Superficie repoblada ............................... 326 ha
Superficie inforestal................................ 8 ha

al nuevo monte "CENTUL, CERNADA E FRETA", pasan:

Superficie total........................................ 36 ha
Superficie repoblada ............................... 35 ha
Superficie inforestal................................ 1 ha

9º.- Que las superficies del monte "VILAR", 271-6515, eran:

superficie total ........................................ 146 ha
superficie repoblada................................. 144 ha
superficie inforestal ................................ 2 ha

al nuevo monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", pasan:

| | |
|---|---|
| superficie total ........................................ | 91 ha |
| superficie repoblada................................. | 90 ha |
| superficie inforestal ................................. | 1 ha |

10º.- Que por lo tanto, las superficies del nuevo monte "CENTUL, CERNADA E FREITA"271-7581 son:

| | |
|---|---|
| superficie total ........................................ | 127 ha |
| superficie repoblada................................. | 125 ha |
| superficie inforestal ................................. | 2 ha |

11º.- Que los gastos por trabajos e ingresos del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO",271-6512

Conforme con la Certificación que se adjunta, son los siguientes:

a) Gastos por trabajos:

| | |
|---|---|
| al 31-12-99 ........................................................................................ | 22.896.925 Ptas. |
| pasados m/ "CABEZÓN Y OTROS", 2717550 ............................................ | 4.605.467 Ptas. |
| pasados m/ "PENA GRANDE E CHAIRA", 2717568 ................................. | 1.217.840 Ptas. |
| saldo actual ........................................................................................ | 17.073.618 Ptas. |

b) Ingresos:

| | |
|---|---|
| al 31-12-1999 ........................................................................................ | 2.862.867 Ptas. |
| pasados m/ "CABEZÓN Y OTROS", 2717550 ............................................ | 568.938 Ptas. |
| pasados m/ "PENA GRANDE E CHAIRA", 2717568 ................................. | 144.974 Ptas. |
| saldo actual ........................................................................................ | 2.148.955 Ptas. |

12º.- Que los gastos por trabajos e ingresos del monte "VILAR", 271-6515

Conforme con la Certificación que se adjunta, son los siguientes:

a) Gastos por trabajos:

| | |
|---|---|
| al 31-12-1999 ........................................................................................ | 6.156.091 Ptas. |

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

b) Ingresos:

al 31-12-1999 .......................................................................................... 6.091.258 Ptas.

13º.- Que los gastos que por trabajos, administración y guardería, así como los ingresos que de las cuentas de los Convenios de los montes "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 y "VILAR", 271-6515, pasan a la cuenta del monte "CENTUL, CERNEDA E FREITA", son:

a ) GASTOS:

del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 :

Trabajos : $\frac{35 \text{ Has}}{326 \text{ Has}}$ x 17.073.618 Ptas .............................................................. 1.833.057 Ptas

del monte "VILAR", 271-6515 :

Trabajos : $\frac{90 \text{ Has}}{144 \text{ Hás}}$ x 6.156.091 Ptas .............................................................. 3.847.557 Ptas.

TOTAL GASTOS .................. 5.680.614 Ptas.

b) INGRESOS:

del monte "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 :

Ingresos : $\frac{35 \text{ Has}}{326 \text{ Has}}$ x 2.148.955 Ptas .............................................................. 230.716 Ptas.

del monte "VILAR", 271-6515:

Ingresos : $\frac{90 \text{ Has}}{144 \text{ Has}}$ x 6.091.258 Ptas .............................................................. 3.807.036 Ptas.

TOTAL INGRESOS:.............. 4.037.752 Ptas.

14º.- Y la cuenta del Convenio del monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", se abre con un saldo, a favor de la Xunta de Galicia de:

5.680.614 Ptas – 4.037.752 Ptas = ............................................................... 1.642.862 Ptas.

Por todo ello, **proponemos:**

**PRIMERO.-** Que se apruebe el convenio del monte con las siguientes características:

Nombre del monte: **CENTUL, CERNADA E FREITA**
Elenco: 271-7581
Superficie: 127 ha
Pertenencia: D. José Mª Bolaño Rico, D. Alejo González López y otros vecinos
Término municipal : Becerreá Provincia: Lugo
A contabilizar como subvención : 50 %
A contabilizar como anticipo : 50 %
Interés sobre el anticipo : 1%
Participación de la Propiedad en el vuelo creado: 70 %
Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%

**SEGUNDO.-** Que la cuenta del Convenio del monte "CENTUL , CERNADA E FREITA", 271-7581, se abra con un **saldo de 1.642.862 pesetas**, sin perjuicio de los gastos e ingresos que hayan podido tener las cuentas de los Convenios de los montes "COSTA FORMOSA Y CALAMOUCO", 271-6512 y "VILAR", 271-6515, con posterioridad a la fecha de su cierre.

**TERCERO.-** Que en lo sucesivo las características del monte "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", sean las siguientes:

Nombre: COSTA FORMOSA E CALAMOUCO

Elenco: 271-6512

Superficie: 298 Has

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pertenencia : S.A.T nº 17.192

Término municipal: Becerreá

**CUARTO.-** Que por pasar a la cuenta del Convenio del monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", 271-7581, de las cuentas del convenio del monte "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", 271-6512, se resten las siguientes cantidades:

gastos: $\frac{35 \text{ Has}}{326 \text{ Has}}$ x 17.073.618 Ptas ........................................ 1.833.057 Ptas.

ingresos: $\frac{35 \text{ Has}}{326 \text{ Has}}$ x 2.148.955 Ptas ........................................ 230.716 Ptas.

**QUINTO.-** Que en lo sucesivo las características del monte "VILAR", sean las siguientes:

Nombre : "VILAR"

Elenco: 271-6515

Superficie: 55 ha

Pertenencia: S.A.T. nº 16.774

Término municipal : Becerreá

**SEXTO.-**Que por pasar a la cuenta del Convenio del monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", 271-7581, de las cuentas del Convenio del monte "VILAR", 271-6515, se resten las siguientes cantidades:

gastos : $\frac{90 \text{ Has}}{144 \text{ Has}}$ x 6.156.091 Ptas ........................................ 3.847.557 Ptas

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ingresos: 90 Has x 6.091.258 Ptas ........................................................................ 3.807.036 Ptas
144 Has

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2000.

**O Subdirector Xeral de Montes e Industrias Forestais,**

Plácido Baamonde López.

**Visto e prace**
**O Director Xeral,**

Tomás Fernández-Couto Juanas.

**Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.**
**Santiago de Compostela.-**

XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
XACOBEO'99 Galicia
San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

# INFORME MONTE DE CENTUL, CERNADA E FREITA - 2717581

*CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición dos propietarios do Montes denominados "Costa Formosa e Calamouco" e mailo "Vilar" en Montañadagra, concello de Becerreá (Lugo) para a cancelación parcial dos convenios 2716512 e 2716515 deses montes de 36 e 91 hectáreas de superficie respectivamente, e sinatura dun novo convenio coa denominación "Centul, Cernada e Freita" por 127 hectáreas.*

Con data 17 de novembro de 2000 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Lugo para a cancelación parcial dos convenios 2716512 e 2716515 dos montes denominados "Costa Formosa e Calamouco" e "Vilar" en Montañadagra, concello de Becerreá (Lugo) de 36 e 91 hectáreas de superficie respectivamente, e sinatura dun novo convenio coa denominación "Centul, Cernada e Freita" por 127 hectáreas.

Vista a solicitude de 15 de xuño de 2000 de D. José María Bolaño Rico e D. Alejo González López, e nome propio e en representación dos seguintes titulares:

- D. Jesús Santín Fernández,
- D. Constantino Pereira Díaz,
- Dª. Carmen González González,
- D. Ramiro Díaz García,
- Dª. Elvira Gómez Núñez,
- D. Constantino de Arriba López,
- Dª. María Amparo Díaz García,
- D. Armando Odón Fernández Rodríguez,
- D. Eladio Gógez Lago e
- D. Manuel Gómez Lago,

pedindo a sinatura dun convenio nos termos que se detalan no parágrafo anterior, garantizando a amortización dos gastos pendentes e os resultantes da segregación coa participación da Consellería de Medio Ambiente na participación nos aproveitamentos;

Vista a aceptación das condicións do novo convenio pola sinatura do documento de D. José María Bolaño Rico e D. Alejo González López no seu nome propio e como representantes dos demáis titulares,

Vistos as certificacións de data 3 de outubro de 2000 e o informe de data 7 de novembro de 2000 do Xefe de servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, favorable á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da producción forestal,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a representación legal dos titulares, nin a propiedade dos terreos, nin as valoracións de tipo económico nin outras cuestións de tipo civil.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2000

XUNTA DE GALICIA – DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL – CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Basquiños, 2 – 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servicio provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

**R E S O L V O:**

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo convenio do monte coas seguintes características:

Nome: **CENTUL, CERNADA E FREITA**
Elenco: 271-7581
Superficie: 127 ha (125 repoboadas e 2 inforestais)
Pertenza: D. José Mª Bolaño Rico, D. Alejo González López e outros veciños
Concello: Becerreá Provincia: Lugo
A contabilizar como subvención : 50 %
A contabilizar como anticipo : 50 %
Xuro sobre o anticipo : 1% anual
Participación da Propiedade no voo creado: 70 %
Participación da Consellería no voo creado: 30%

**SEGUNDO.-** Que a conta do convenio do monte CENTUL , CERNADA E FREITA, 271-7581, se abra cun **saldo de 1.642.862 pesetas a favor da Xunta de Galicia**, sen perxuízo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas dos convenios dos montes "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", 271-6512 e "VILAR", 271-6515, con posterioridade á data do seu peche.

**TERCEIRO.-** Que no sucesivo as características do monte COSTA FORMOSA E CALAMOUCO, 271-6512 sexan as seguintes:

Nome: COSTA FORMOSA E CALAMOUCO
Elenco: 271-6512
Superficie: 298 ha
Pertenza : S.A.T nº 17.192
Concello: Becerreá

**CUARTO.-** Que por pasar á conta do convenio do monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", 271-7581, das contas do convenio do monte "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", 271-6512, se resten as seguintes cantidades:

gastos: $\frac{35\ ha}{326\ ha}$ x 17.073.618 Ptas .......................................................... 1.833.057 Ptas.

ingresos: $\frac{35\ ha}{326\ ha}$ x 2.148.955 Ptas .......................................................... 230.716 Ptas.

**QUINTO.-** Que no sucesivo as características do monte VILAR, 271-6515 sexan as seguintes:

Nome : "VILAR"
Elenco: 271-6515
Superficie: 55 ha
Pertenza: S.A.T. nº 16.774
Concello: Becerreá

**SEXTO.-**Que por pasar á conta do convenio do monte "CENTUL, CERNADA E FREITA", 271-7581, das contas do convenio do monte "VILAR", 271-6515, se resten as seguintes cantidades:

gastos : $\frac{90\ ha}{144\ ha}$ x 6.156.091 Ptas .......................................................... 3.847.557 Ptas

ingresos: $\frac{90\ ha}{144\ ha}$ x 6.091.258 Ptas .......................................................... 3.807.036 Ptas

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Basquiños, 2 – 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2000.

**O CONSELLEIRO**
**(por Orde do 12-01-98)**
**O Secretario Xeral,**

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SECRETARÍA XERAL

**José Luis Aboal García-Tuñón.**

**Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.**
**Santiago de Compostela.-**

# C O N V E N I O

| N.º | 271 | 7581 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a vintedous de novembro de dous mil. de mil novecentos noventa e ............ .

## R E U N I D O S

Dunha banda, D. Carlos del Álamo Jiménez, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. José María Bolaño Rico, con DNI: 76.550.214 e D. Alejo González López con DNI: 34.205.887, ambos veciños de Montañadagra, termo municipal de Becerreá.

como representantes dos propietarios do monte "CENTUL, CERNADA E FREITA" segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcions e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.– O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Convenios subscritos con data do 30 de Xuño de 1.980 para os montes 2716512 e 2716515 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Convenio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Convenio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Convenio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.– Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se detallan:

Denominación: "CENTUL, CERNADA E FREITA"

Termo municipal: Becerreá Provincia: Lugo

Límites: PARCELA I: N.- Monte "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", 2716512, L.- Monte "PENA GRANDE
N.: E CHAIRA", 2717568, S.- Monte "PENA GRANDE E CHAIRA", 2717568 e propiedades particulares dos veciños de Oselle y Montañadagra e O.- Propiedades particulares dos veciños
S.: de Montañadagra.

PARCELA II: N.- Propiedades particulares dos veciños de Montañadagra, L.- Propie-
L.: dades particulares dos veciños de Montañadagra, S.- Monte "VILAR", 2716515 e propiedades particulares dos veciños de Borquería, Oselle e Montañadagra e O.- Monte "VI-
O.: LAR", 2716515.

Superficie: 127 (CENTO VINTESETE) Hás

Estado forestal: 125 (CENTO VINTECINCO) Hás. repoboadas e 2 (DUAS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do Convenio anterior, que se converte e anula: 125 (CENTO VINTECINCO) Hás

Sen vexetación arbórea: 2 (DUAS) Hás.

Servidumes: -

## TÍTULO DE PROPIEDADE

Por herdanza dos seus antepasados

Inscrita no Rexistro da Propiedade de -

Tomo (s) - Folio (s) -

Finca (s) -

Inscrición (s) -

3ª.– O chan continuará pertencendo a D. José María Bolaño Rico, D. Alejo González López e demais veciños outorgantes dos Poderes Notariais.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do convenio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.– A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.– Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos do convenio anterior, que quedará parcial ou totalmente extinguido. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de convenios a converter é como segue: 36 Hás do monte "COSTA FORMOSA E CALAMOUCO", 2716512 e 91 Hás. do "VILAR", 2716515.

6ª.– As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.– Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para ós propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Conselleria de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e ós propietarios, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución dun aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.– En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.– O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribtible no Rexistro da Propiedade.

10ª.– A duración deste convenio será por un período de DEZ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase, á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados

11ª.– Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.– O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses de acordo con disposto nos artigos 107 e 116 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Fdo.: José María Bolaño Rico. Fdo.: Alejo González López.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

O SECRETARIO XERAL

*Pola propiedade,*

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*

Fdo.: José María Bolaño Rico.

Fdo.: Alejo González López.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XEFATURA TERRITORIAL

SERVIZO DE MONTES
Ronda da Muralla, núm. 70, baixo 2º
27071 – LUGO
Telef.: 982.29.45.31
Fax:982.29.48.74

galicia

MR 110280

**Asunto**: Modificación do plano do convenio 2717581 "Centul, Cernada e Freita" (concello de Becerreá).

Con motivo da necesidade de modificar o plano do convenio 2717581 "Centul, Cernada e Freita", situado no concello de Becerreá, este servizo informa:

1 O 22 de novembro de 2000 D. José Mª Bolaño Rico e outros e a Consellería de Medio Ambiente subscribiron un convenio que afecta a 127.

2 O 5 de decembro de 2006 os propietarios constituíron a "C.B. Montes Montaña de Agra".

2 O 23 de maio de 2012 este servizo, a proposta do persoal de distrito, fixo unha actualización do plano do convenio para axustalo a superficie que se está a xestionar.

2 O 6 de xullo de 2013 o persoal do distrito, tras analizar in situ a superficie que se está a xestionar e atopar un erro na modificación anterior, propuxeron unha nova actualización dos planos do convenio para axustalos a superficie que se está a xestionar.

3 A superficie resultante é de 120,7 ha, a mesma que a modificación anterior.

Por todo elo, este servizo acorda:

a. Incorporar como novo plano do monte "Centul, Cernada e Freita" o que se xunta.

b. Que as anotacións do convenio sexan:

- Nome: CENTUL, CERNADA E FREITA.
- Elenco: 2717581.
- Superficie: 120,7 ha.
- Pertenza: C.B. Montes Montaña de Agra
- Concello: Becerreá.

Lugo, 24 de setembro de 2013

O xefe do servizo

XUNTA DE GALICIA
SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
LUGO

Ramón Rozadillas Valverde

**Subdirección Xeral de Recursos Forestais**

**Servizo de Xestión Forestal**

**San Lázaro s/n - Santiago de Compostela**

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO
Data 26/09/2013 12:25:46
SAÍDA 112170 / RX 595767



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO
Servizo de Montes
galicia
MONTE: CENTUL, CERNADA E FREITA
Pertenza: C.B. Montes Montaña de Agra
Elenco: 2717581 Concello: Becerreá
Escala: 1:10 000
Superficie: 120,7 ha.
S.R: UTM 29N, ED-50
Lugo, 09 de setembro de 2013
O enxeñeiro de montes
Gabriel Boo Anllo
N
SERRA DO FURCO
A Cabana
A Serra
Montaña de Agra
Monte da Agra
Os Fiais
La Meia
Castro
Cernada
A Pena Grande
Monte Travesa
Becerrea
Concello
Picarelo
A Boqueira
4749500
4749000
4748500
4748000
4747500
650000
650500
651000
651500
652000
652500
653000
653500


N
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO
Servizo de Montes
galicia
MONTE: CENTUL, CERNADA E FREITA
Pertenza: C.B. Montes Montaña de Agra
Elenco: 2717581 Concello: Becerreá
Escala: 1:10 000
Superficie: 120,7 ha.
S.R: UTM 29N, ED-50
Lugo, 09 de setembro de 2013
O enxeñeiro de montes
Gabriel Boo Anllo
4749500
4749000
4748500
4748000
4747500
650000
650500
651000
651500
652000
652500
653000
653500